

## CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA PARA A MODERNIZACIÓN TECNOLÓXICA DE GALICIA E A ASOCIACIÓN DE ENXEÑEIROS DE TELECOMUNICACIÓN DE GALICIA PARA A POSTA EN MARCHA DE ACTIVIDADES PARA O FOMENTO DA SOCIEDADE DA INFORMACIÓN.

En Santiago de Compostela

### REUNIDOS

Dunha parte, **Julián Cerviño Iglesia**, director da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (en diante Amtega), actuando en nome e representación da dita Axencia, en virtude das facultades conferidas polo Decreto 252/2011, do 15 de decembro, polo que se crea a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia e se aproban os seus estatutos, modificado polo Decreto 9/2021, do 21 de xaneiro, polo que se suprime o Centro Informático para a Xestión Tributaria, Económico-Financeira e Contable (CIXTEC) e se modifica o Decreto 252/2011, do 15 de decembro, polo que se crea a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia e se aproban os seus estatutos e o Decreto 149/2022, do 1 de setembro, polo que se nomea director da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia.

Doutra parte **don Julio José Sánchez Agrelo**, Presidente da Asociación de Enxeñeiros de Telecomunicación de Galicia (NIF G36771392), en nome e representación da citada entidade, de acordo coas facultades conferidas polo artigo 24 dos Estatutos da mencionada Asociación.

Interveñen no nome das entidades que representan, en función dos seus respectivos cargos e en virtude das facultades que teñen conferidas

### EXPOÑEN

**Primeiro.-** Que, segundo o artigo 9 do estatuto da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de





Galicia (en diante Amtega) aprobado polo Decreto 252/2011, do 15 de decembro, polo que se crea a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia e se aproban os seus estatutos (modificado polo Decreto 9/2021, do 21 de xaneiro), a Amtega ten entre as súas competencias o impulso, asesoramento técnico e apoio en materia de tecnoloxías da información e as comunicacións e a súa aplicación para a modernización, innovación e desenvolvemento tecnolóxico de Galicia.

Así mesmo, de acordo co artigo 5 do Decreto 252/2011, do 15 de decembro (modificado polo Decreto 9/2021, do 21 de xaneiro), polo que se crea a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia e se aproban os seus estatutos, queda desconcentrada na titular da Dirección da Amtega a competencia para subscribir con entidades públicas e privadas, en nome da Amtega, convenios de colaboración excluídos da lexislación de contratos do sector público.

**Segundo.-** Que a Asociación de Enxeñeiros de Telecomunicación de Galicia (en diante AETG) ten comprendida nas actividades recollidas no seu obxecto social contribuír ao desenvolvemento e progreso da Comunidade Autónoma de Galicia a través da difusión e potenciación das telecomunicación e, con carácter xeral, ao exercicio de cantas actividades redunden en beneficio dos intereses profesionais do sector, xa sexa en beneficio dos propios asociados, promovendo a formación e desenvolvemento profesional dos seus membros, xa sexa participando activamente en funcións de interese xeral, servindo así como vía de participación en colaboración coa administración pública mediante a realización de estudos, emisión de informes, elaboración de estatísticas e calquera outra función relacionada cos seus fins.

**Terceiro.-** Que o 3 de decembro de 2020 o Consello da Xunta aprobou a Estratexia Galicia Dixital 2030, co obxectivo de configurar un futuro dixital para tod@s, contribuíndo ao aumento da calidade de vida e ao desenvolvemento sostible nas súas tres vertentes: económica, social e medio ambiental

Así, a Estratexia Galicia Dixital 2030 constitúe unha folla de ruta para apoiar a toma de decisións no ámbito dixital na próxima década que, sobre as bases construídas, contribúa a extrapolar ideas das tendencias globais actuais, explorar algunhas das incertezas clave que darán forma ao futuro de Galicia, e anticipar mellor algunhas das eleccións e decisións que



poderemos afrontar nos próximos anos.

**Cuarto.-** Que a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia ten entre os seus obxectivos prioritarios lograr un desenvolvemento efectivo da Sociedade da Información na Comunidade Autónoma de Galicia, promovendo aquelas accións que faciliten e impulsen a incorporación de toda a sociedade aos novos recursos tecnolóxicos da información e das comunicacións e a implicación dos cidadáns galegos na utilización das novas tecnoloxías como factor xerador de novas capacidades, de emprego e de desenvolvemento económico. A velocidade de desenvolvemento da Sociedade do Coñecemento e as súas tecnoloxías asociadas pode provocar que determinados colectivos, que integran a nosa sociedade, se atopen con dificultades para acceder ás tecnoloxías das comunicacións quedando, polo tanto, en perigo de exclusión nos diferentes ámbitos da súa vida.

**Quinto.-** Que a AETG pretende a posta en marcha dunha serie de actuacións para o fomento da Sociedade da Información, que a AMTEGA considera de interese público, entre as que estarán:

- Análise da calidade do servizo das redes móbiles de telefonía e banda larga existentes en Galicia.
- Actividades de divulgación e asesoramento á sociedade en xeral, e en especial aos axentes implicados no ámbito regulatorio das telecomunicacións.

É evidente pois, que a achega económica da Amtega ao abeiro do presente convenio ten un carácter de interese público, de acordo co artigo 26.2 da Lei 9/2007, do 13 de xullo, de subvencións de Galicia, porque contribuirá a:

- Incorporar a accesibilidade como condición indispensable das actuacións.
- Incrementar os contidos divulgativos en galego en Internet.
- Difusión e divulgación das vantaxes da incorporación das TIC en todos os sectores, así como do sector profesional das TIC.
- Contribuír á igualdade de xénero no sector das TIC.

Doutra banda, cómpre salientar que existe unha identidade entre os obxectivos da Asociación





de Enxeñeiros de Telecomunicación de Galicia e os que constitúen o obxecto do presente convenio.

Por todo o exposto considérase de grande interese a colaboración das partes asinantes, non sendo posible promover a concorrència pública resultando, polo tanto, de aplicación o artigo 26.2 da Lei 9/2007, do 13 de xullo, de subvencións de Galicia.

A achega económica outórgase ao amparo do disposto no Regulamento (CE) 1407/2013 da Comisión, do 18 de decembro de 2013, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de funcionamento da Unión Europea ás axudas *de minimis* (DOUE 24/12/2013, L352/1).

En consecuencia, a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia e a Asociación de Enxeñeiros de Telecomunicación de Galicia acordan subscribir o presente convenio de colaboración con base nas seguintes:

## CLÁUSULAS

### **Primeira.- Obxecto**

O presente Convenio de Colaboración entre a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia e a Asociación de Enxeñeiros de Telecomunicación de Galicia ten por obxecto o financiamento da realización de actuacións para o fomento da Sociedade da Información en Galicia.

Este convenio enmárcase dentro das accións definidas na Estratexia Galicia Dixital 2030.

### **Segunda.- Descrición do proxecto**

As actuacións que se desenvolverán en base a este Convenio de Colaboración son as seguintes:





## **1. Análise da calidade do servizo das redes móbiles de telefonía e banda larga existentes en Galicia.**

A Asociación de Enxeñeiros de Telecomunicación de Galicia levará a cabo unha análise da calidade das redes móbiles de telefonía e banda larga naquelas zonas que, polas súas características específicas, requiran de medidas de control concretas. Identificaranse cando menos 250 zonas, infraestruturas e/ou núcleos de poboación a analizar.

A AETG elaborará previamente un informe específico onde se detallará a metodoloxía a seguir para a selección das zonas a medir, os axentes participantes, o detalle de tarefas e medios técnicos e a análise dos resultados obtidos.

Ademais, en relación ás medidas, recollerá tamén nun informe final o procesamento de toda a información recollida durante as medidas realizadas e as conclusións obtidas sobre a calidade do servizo das redes nas zonas elixidas, así como, a metodoloxía de análise que se seguiu, o protocolo de actuación sobre o terreo, a definición de tarefas e o detalle dos medios técnicos empregados, o número de medicións que se realizaron, a periodicidade das medicións e os recursos técnicos empregados.

Con carácter previo ao inicio das actuacións, a AETG presentará á AMTEGA a planificación das mesmas.

## **2. Actividades de divulgación e asesoramento á sociedade en xeral, e en especial aos axentes implicados no ámbito regulatorio das telecomunicacións.**

2.1. A AETG levará a cabo actividades de asesoramento a través da interpretación das dúbidas que poidan xurdir na aplicación da normativa e das solucións técnicas





que afecten ao despregamento de infraestruturas de telecomunicacións, así como da difusión das actividades desenvolvidas a través deste Convenio, dirixidas especialmente cara aos axentes implicados no ámbito regulatorio das telecomunicacións e das Entidades Locais en base á responsabilidade que asumen neste proceso.

A AETG elaborará a documentación específica de soporte para a tramitación e xestión administrativa das comunicacións previas que afecten a infraestruturas de telecomunicacións.

As devanditas actividades de divulgación e asesoramento realizaranse a través dun equipo de traballo específico integrado por Enxeñeiros de telecomunicación, cun soporte centralizado e permanente mediante contacto telefónico, correo electrónico e calquera outra canle electrónica que se estableza para o correcto cumprimento destes fins.

A AETG recollerá nun informe final o procesamento de toda a información das actividades de divulgación e asesoramento realizadas, así como a metodoloxía de traballo que se seguiu, o protocolo de actuación do equipo de traballo, a definición de tarefas, o detalle dos medios técnicos empregados e a localización e dispoñibilidade do equipo de traballo.

2.2. Ademais, outra actividade enmarcada nesta actuación a desenvolver pola AETG será a de colaborar na organización das actividades do Nodo 5G (ou aquel que o substitúa), tanto no relativo a súa difusión, valoración da idoneidade, busca de profesionais axeitados para a impartición de charlas, elaboración de materiais de apoio, etc.

2.3. Asemade levaranse a cabo accións de difusión orientadas ao recoñecemento de accións en defensa dos intereses do colectivo que representa, proxectos innovadores e persoeiros salientables no mundo da Enxeñaría de





Telecomunicación, así como a súa contribución ao fomento da Sociedade da Información e das Tecnoloxías de Telecomunicacións.

A actualización da información resultado destas actividades de divulgación e asesoramento será continuo no tempo, mediante o uso dos sistemas de xestión documental que definan ambas partes.

### **Terceira.- Obrigas da Asociación de Enxeñeiros de Telecomunicación de Galicia**

Co fin de garantir a execución do obxecto do presente convenio, a Asociación de Enxeñeiros de Telecomunicación de Galicia obrígase a:

–Levar a cabo, directamente ou en colaboración con outras entidades, en especial o Colexio Oficial de Enxeñeiros de Telecomunicación Galicia, as actuacións establecidas neste convenio debendo proceder, en consecuencia, á asignación dos medios humanos e materiais que sexan necesarios e, de ser o caso, á contratación das colaboracións externas que se precisen para o seu desenvolvemento.

–Cumprir co disposto no artigo 11 da lei 9/2017 de subvencións de Galicia.

–Seguir as normas sobre confidencialidade de datos, concretamente a Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Personais e garantía dos dereitos dixitais e as normas que a desenvolven.

–Axustarse ás normas de seguridade e de imaxe corporativa, no seu caso, establecidas na Xunta de Galicia.

–Achegar os informes e documentos que acrediten fidedignamente o desenvolvemento das actividades do presente convenio, así como os informes e demais documentos requiridos pola Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia.

–Poñer a disposición todo o material elaborado dentro do marco deste convenio baixo a licenza Creative Commons Recoñecemento – Compartirlgual (CC-BY-SA).





–Facer figurar expresamente o financiamento da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia como promotora do proxecto na totalidade das actuacións asociadas a este Convenio.

–Ser titular e suxeito pasivo de tódalas obrigas tributarias e sociais e de calquera outra índole que se deriven da aplicación do ordenamento xurídico vixente.

–Facilitar a inspección e control dos órganos da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia co obxecto de supervisar o cumprimento das actividades previstas no convenio e que permitan a esta a xustificación financeira perante a Intervención Xeral da Comunidade Autónoma e o Tribunal de Contas, así como as comprobacións previstas na lexislación do Consello de Contas.

–A Asociación de Enxeñeiros de Telecomunicación de Galicia comprométese a xustificar ante a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia todas as actuacións que se realicen ao abeiro do presente convenio.

–A Asociación de Enxeñeiros de Telecomunicación de Galicia quedará sometido aos procedementos de control establecidos no Regulamento (UE) 1407/2013 da Comisión, do 18 de decembro de 2013, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de funcionamento da Unión Europea ás axudas *de minimis*, (DOUE 24/12/2013, L352/1).

Doutra banda, a Asociación de Enxeñeiros de Telecomunicación de Galicia presentou, previamente á sinatura do presente convenio, de xeito electrónico a través do procedemento PR601A habilitado ao efecto na Sede Electrónica da Xunta de Galicia:

o Declaración responsable de non estar incurso en ningunha das prohibicións para a obtención de subvencións contempladas no artigo 10.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. A acreditación de non estar incurso nas ditas prohibicións realizouse mediante declaración responsable do seu representante legal.

o Declaración sobre calquera outra axuda *de minimis* recibida durante os dous exercicios fiscais anteriores e durante o exercicio fiscal en curso (artigo 3.2 do regulamento *de minimis*).



o Declaración de "outras axudas solicitadas, tanto as aprobadas ou concedidas como as pendentes de resolución (para os mesmos gastos subvencionables), das distintas administracións públicas ou calquera dos seus organismos, entes ou sociedades".

o Autorización á Amtega para solicitar as certificacións emitidas pola Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Tesouraría Xeral da Seguridade Social e a Axencia Tributaria de Galicia, que acreditan que a entidade se atopa ao corrente das súas obrigas. A dita autorización estará en vigor durante a vixencia do presente convenio. Non obstante o anterior, a Asociación de Enxeñeiros de Telecomunicación de Galicia poderá revoga expresamente dito consentimento en calquera momento.

o Declaración expresa na que manifesta a súa preferencia pola notificación electrónica, no que se refire a resolucións e actos administrativos que afecten aos seus dereitos e intereses.

#### **Cuarta.- Gastos subvencionables**

Con carácter xeral, e de acordo co establecido no artigo 29 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, consideraranse gastos subvencionables aqueles que, de xeito indubidable, respondan á natureza da actividade subvencionada e se realicen dentro do período comprendido entre o 1 de xaneiro de 2023 e a data límite de xustificación do convenio.

Os custos tales como dietas, viaxes, consumibles, formarán parte da xustificación da subvención, sempre que sexan imputados pola Asociación de Enxeñeiros de Telecomunicación de Galicia á actividade subvencionada e, en todo caso, na medida na que tales custos correspondan ao período no que efectivamente se realiza a actividade.

O importe do IVE non se considerará gasto subvencionable cando sexa susceptible de recuperación ou compensación, salvo que se acredite a exención do mesmo e consecuentemente non resulte recuperable para o beneficiario.

Os gastos xerais da Asociación de Enxeñeiros de Telecomunicación de Galicia vinculados





directamente á execución das actuacións recollidas na cláusula 2ª poderán imputarse con cargo ao presente convenio, ata un límite do 10% do total da subvención establecida nesta cláusula.

De conformidade co establecido no artigo 29.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, cando o importe do gasto subvencionable supere as contías establecidas na normativa de contratos do sector público, para o contrato menor, o beneficiario deberá solicitar como mínimo tres ofertas de diferentes provedores, con carácter previo á contratación do compromiso para a obra, a prestación do servizo ou a entrega do ben, agás que polas súas especiais características non exista no mercado suficiente número de entidades que as realicen, presten ou subministren ou agás que o gasto se houberse realizado con anterioridade á solicitude da subvención.

En ningún caso o custo de adquisición dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor do mercado.

Considérase gasto realizado o que foi efectivamente pagado con anterioridade á finalización do período de xustificación determinado neste convenio.

A achega económica outórgase ao amparo do disposto no Regulamento (UE) 1407/2013 da Comisión, do 18 de decembro de 2013, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de funcionamento da Unión Europea ás axudas *de minimis*, (DOUE 24/12/2013, L352/1), quedando condicionada polo establecido na normativa comunitaria sobre esta materia.

O orzamento estimado de gasto para o desenvolvemento da actuación prevista no convenio é o seguinte:





Actuacións	Importe
<b>Análise da calidade do servizo das redes móbiles de telefonía e banda larga existentes en Galicia</b>	<b>25.000,00 €</b>
<b>Actividades de divulgación e asesoramento á sociedade en xeral, e en especial aos axentes implicados no ámbito regulatorio das telecomunicacións.</b>	<b>45.000,00 €</b>
<b>TOTAL</b>	<b>70.000,00 €</b>

#### **Quinta.- Dirección, medios humanos e materiais**

A Asociación de Enxeñeiros de Telecomunicación de Galicia, co obxecto de garantir a adecuada execución das actuacións deste convenio, comprométese a asumir a súa dirección, debendo proceder, en consecuencia á asignación de medios humanos e materiais que sexan necesarios e, no seu caso, a subcontratación dos servizos precisos para levar a cabo as actuacións establecidas no presente convenio, que en todo caso, se realizarán de acordo co establecido no artigo 27 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, podendo acadar o custo total da actividade proposta.

Desta forma, de conformidade co establecido no apartado 3) do devandito artigo 27, cando a actividade concertada con terceiros exceda do 20% do importe da subvención establecida neste convenio e dito importe sexa superior a 60.000 euros, a subcontratación estará sometida ao cumprimento dos seguintes requisitos:

- Que o contrato se celebre por escrito.
- Que a celebración do mesmo se autorice previamente pola Amtega.

En todo caso, de acordo co artigo 43.3 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Amtega poderá comprobar, dentro do período de prescrición, o custo e o valor de mercado das actividades subcontratadas.

No caso de cesión de datos, a entidade subcontratada cumprirá as esixencias do artigo 33 da Lei



Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Personais e garantía dos dereitos dixitais, adoptándose tanto as medidas de seguridade técnicas como organizativas.

#### **Sexta.- Orzamento e obrigas da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia**

A Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia financiará as accións do presente convenio, ata un máximo de SETENTA MIL EUROS (70.000 €) con cargo á partida orzamentaria 07.A1.571A.781.0 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2023.

O financiamento por parte da Amtega das actuacións obxecto do presente convenio será compatible con outras axudas establecidas por outra Administración Pública, organismo ou ente público ou privado, nacional ou internacional para o mesmo fin. O importe das axudas en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custe da actividade subvencionada.

O aboamento da achega antedita realizarase unha vez que se xustifique a realización das actividades descritas neste convenio.

#### **Sétima.- Xustificación**

A Asociación de Enxeñeiros de Telecomunicación en Galicia presentará ante a Amtega a xustificación da subvención. O prazo para presentar a xustificación finaliza o **31 de outubro de 2023** e se presentará a seguinte documentación xustificativa:

-Solicitud de pagamento.

-Excepcionalmente, no caso de que o solicitante revogase expresamente a autorización ao órgano xestor para que solicite de oficio os certificados de que está ao día nas súas obrigas, deberá achegar certificacións de estar ao corrente das obrigas tributarias estatais, coa Axencia Tributaria de Galicia e coa Seguridade Social.



-Memoria de actuación xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, con indicación do total das actividades realizadas, resultados obtidos e os datos e incidencias máis salientables habidos na súa execución.

-Relación clasificada dos gastos e investimentos da actividade, con identificación do acredor e do documento, o seu importe, data de emisión e, no seu caso, data de pagamento.

-Xustificación dos gastos realizados: orixinais ou copias compulsadas das facturas ou dos documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa incorporados na relación a que se fai referencia no parágrafo anterior emitidas dentro do período comprendido entre o 1 de xaneiro de 2023 e a data límite de xustificación.

-Xustificación dos pagamentos efectuados: transferencia bancaria, certificación bancaria orixinal ou extracto de pagamento comprendido entre o 1 de xaneiro de 2023 e a data límite da xustificación. Nestes documentos deberán quedar claramente identificados o/a receptor/a, o/a emisor/a e o concepto do pagamento. Non se admitirán pagamentos en efectivo.

-Declaración de calquera axuda obtida polo beneficiario baixo o réxime *de minimis* no presente ano fiscal e nos dous anteriores.

-Declaración do conxunto de axudas solicitadas, tanto as aprobadas ou concedidas como as pendentes de resolución, para o mesmo proxecto, das administracións públicas competentes ou das súas entidades vinculadas ou dependentes así como dos entes privados. Nesta declaración, se é o caso, deberá figurar unha relación detallada doutros ingresos ou subvencións que houberen financiado a actividade subvencionada con indicación do importe e a súa procedencia.

-Declaración responsable relativa á titularidade da conta onde se debe realizar o pagamento, en que conste a razón social e NIF, así como así como o código internacional de conta bancaria (código IBAN).

-Declaración expresa do beneficiario de que as persoas ou entidades contratadas e/ou subcontratadas para as actividades subvencionadas non estean vinculadas con el, de conformidade co artigo 27.7.d) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no seu regulamento de desenvolvemento.



-No caso de estar exento do imposto sobre o valor engadido (IVE), documentación acreditativa da mencionada exención.

-Entregar cuberto o modelo de recompilación de datos, que aparece recollido como **Anexo I** do presente convenio.

-Calquera outra documentación ou material que o beneficiario considere necesario presentar para unha mellor xustificación das actuacións obxecto do presente convenio.

En todo caso, a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia, resérvase o dereito de solicitar toda a documentación que se considere precisa en relación coa realización das actuacións obxecto do presente convenio e calquera outra que estime oportuna para a correcta xustificación do gasto e o seu pagamento.

### **Oitava.- Pagamento**

O aboamento da achega económica realizarase a medida que se xustifique a realización das actividades descritas neste convenio, mediante pagamentos parciais á conta da liquidación por importe non superior ao 80% da porcentaxe subvencionada correspondente aos pagamentos xustificadas, de conformidade co disposto no artigo 62 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

Adicionalmente, con carácter xeral, e previa solicitude, poderá procederse a un anticipo de ata o 50% do importe máximo de financiamento que serán concedidos mediante resolución motivada nas condicións establecidas no artigo 31.6 da Lei 9/2007 e nos artigos 62.2 e 63 do Decreto 11/2009. O prazo para presentar a solicitude do anticipo, rematará o 1 de setembro de 2023.

Nos termos establecidos no citado Decreto 11/2009, se o beneficiario solicita anticipo e/ou pagamentos a conta por un importe acumulativo superior a 18.000,00 €, estará obrigado á presentación do xustificante acreditativo da constitución da garantía mediante seguro de caución prestado por entidade aseguradora ou mediante aval solidario da entidade de crédito ou sociedade de garantía recíproca e que ten que ser depositado na Caixa Xeral de Depósitos da Xunta de Galicia. A devandita garantía deberá cubrir o 110% do importe das cantidades aboadas





á conta e polo prazo que medie entre a data de presentación do xustificante acreditativo da constitución de garantía e, como mínimo, aquel en que se cumpran dous meses desde o final do prazo de xustificación. A garantía será liberada unha vez xustificada e comprobada a realización do investimento ou a actividade obxecto de axuda, segundo se establece no artigo 67º do mencionado Decreto 11/2009.

O importe conxunto dos pagamentos á conta e dos pagamentos anticipados non poderá ser superior ao 80% do importe máximo do convenio.

O importe restante pagarase unha vez xustificada e realizada a totalidade da actividade subvencionada.

O pagamento realizarase sempre previo informe de conformidade da Área de Sociedade Dixital da Amtega e, no seu caso, comprobación material do investimento de conformidade co artigo 30, puntos 2 e 3, da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

#### **Novena.- Minoración da subvención**

Procederá a minoración da subvención concedida cando as actuacións desenvolvidas e xustificadas ao abeiro do presente convenio teñan un custo inferior ao orzamento establecido no seu clausulado, e sempre que esta minoración non supoña unha realización deficiente do proxecto. Producirase a perda do dereito ao cobramento parcial polo importe de minoración da subvención.

#### **Décima.- Reintegro**

Procederá o reintegro parcial ou total dos fondos percibidos no suposto de incumprimento das condicións establecidas para a súa concesión nos termos previstos no Título II da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Así mesmo, ao abeiro do disposto no artigo 14.1.n) da Lei 9/2007, os criterios de graduacións dos posibles incumprimentos para determinar a cantidade a minorar serán os seguintes:





- a) O incumprimento total dos fins para os que se concedeu a axuda, da realización dos gastos subvencionables, ou da obriga de xustificación, dará lugar á perda ao dereito ao cobro, ou no seu caso, ao reintegro da totalidade da axuda concedida.
- b) Calquera outro incumprimento considerarase incumprimento parcial dos fins para os que se concedeu a axuda, da realización do investimento subvencionable ou da obrigación de xustificación e dará lugar á perda do dereito ao cobro ou, no seu caso, na porcentaxe correspondente ao investimento non efectuado ou non xustificada.
- c) A realización de modificacións non autorizadas no orzamento subvencionable, suporá a perda do dereito ao cobro.

Terán a consideración de infraccións leves as establecidas no artigo 54 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, que poderá dar lugar ás sancións pecuniarias establecidas no artigo 59 da devandita Lei 9/2007.

As infraccións graves e moi graves en materia de subvencións, recollidas nos artigos 55 e 56 respectivamente da Lei 9/2007, poderán dar lugar ás sancións previstas no artigo 60 e 61 respectivamente.

### **Décimo primeira.- Notificacións**

1. As notificacións de resolucións e actos administrativos practicaranse só por medios electrónicos, nos termos previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

2. As notificacións electrónicas realizaranse mediante o Sistema de Notificación Electrónica de Galicia – Notifica.gal dispoñible a través da sede electrónica da Xunta de Galicia (<https://sede.xunta.gal>). Este sistema remitirá ás persoas interesadas avisos da posta a disposición das notificacións á conta de correo e/ou teléfono móbil que consten na solicitude para efectos de notificación. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.





3. No caso de persoas interesadas que, de acordo coa normativa básica, estean obrigadas a relacionarse a través de medios electrónicos coa administración, deberán crear e manter o seu enderezo electrónico habilitado único a través do Sistema de Notificación Electrónica de Galicia, para todos os procedementos administrativos tramitados pola Administración xeral e do sector público autonómico. En todo caso, a Administración xeral poderá de oficio crear o indicado enderezo, aos efectos de asegurar o cumprimento polos indicados interesados da súa obriga de relacionarse por medios electrónicos.

4. As notificacións por medios electrónicos entenderanse practicadas no momento en que se produza o acceso ao seu contido. Cando a notificación por medios electrónicos sexa de carácter obrigatorio, ou fose expresamente elixida polo interesado, entenderase rexeitada cando transcorresen dez días naturais desde a posta á disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido.

5. Se o envío da notificación electrónica non fose posible por problemas técnicos, a Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia practicará a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

#### **Décimo segunda.- Vixencia**

O presente convenio entrará en vigor na data da súa sinatura e terá vixencia ata o 31 de decembro de 2023.

#### **Décimo terceira.- Comisión de seguimento**

Para velar polo cumprimento do estipulado, constituirase unha comisión paritaria de seguimento da execución do convenio, formada por dous representantes da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia e dous representantes da Asociación de Enxeñeiros de Telecomunicación de Galicia, que actuará como órgano de vixilancia, seguimento e control do establecido neste convenio, promovendo, se o considera adecuado, outras actuacións que



poidan enriquecer o seu desenvolvemento. A composición da dita comisión será a seguinte:

- Pola Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia, a directora da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia, ou persoa na que delegue, e a titular da dirección da Área de Sociedade Dixital, ou persoa que a substitúa.
- Pola Asociación de Enxeñeiros de Telecomunicación de Galicia, o seu presidente e o seu secretario, ou persoas nas que deleguen.

Esta comisión estará presidida pola directora da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia, que terá voto de calidade, e reunirse en tódalas ocasións que se estimen oportunas.

#### **Décimo cuarta.- Publicidade**

De conformidade co previsto na disposición adicional primeira do Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, a entidade beneficiaria da axuda autoriza expresamente a inclusión e publicidade dos datos da entidade nos rexistros públicos de axudas para o seu tratamento necesario. Asemade a AETG tamén se compromete a facilitar toda a información requirida ao abeiro do artigo 4 da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno; en caso de incumprimento desta obriga, estarase ao disposto no punto 4 do artigo citado.

De conformidade coa Lei 38/2003, do 17 de novembro, o instrumento de colaboración e a información sobre a subvención serán comunicadas á Base de datos nacional de subvencións (BDNS).

Este convenio será obxecto de inscrición en cumprimento do establecido no artigo 15 da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.

As partes asinantes autorizan/consinten na publicidade dos seus datos persoais e demais especificacións recollidas no presente instrumento de colaboración no Portal de Transparencia e Goberno Aberto.





Segundo o artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, ademais da información que debe facerse pública segundo a normativa básica en materia de transparencia, a Administración autonómica publicará o texto íntegro do convenio.

### **Décimo quinta.- Resolución**

O presente convenio resolverase por incumprimento total ou parcial dalgunha das cláusulas que o regulan ou polo transcurso do tempo estipulado sen que se realicen os investimentos.

Así mesmo, poderase resolver por denuncia unilateral de calquera das partes previa comunicación á outra parte cun mes de antelación.

### **Décimo sexta .- Modificación da concesión**

1.No caso de alteración das condicións tidas en conta neste convenio, poderá ser modificado por acordo das partes, a través da formalización da correspondente Addenda.

2.Asi mesmo, cando por circunstancias técnicas sexa imprescindible variar o contido específico dos investimentos ou os prazos recollidos no presente convenio, as partes poderán acordar a modificación do convenio a través da formalización da correspondente Addenda, sempre que se cumpran os seguintes requisitos:

a) Que a actividade, conduta ou modificación do proxecto estea comprendida dentro do obxecto deste convenio de colaboración.

b) Que se acredite a inexistencia de prexuízo a terceiros/as.

c) Que os novos elementos e as circunstancias que motiven a modificación, de teren concurrido na concesión inicial, non supuxesen a denegación da axuda ou subvención.



### **Décimo sétima.- Inexistencia de relación laboral**

A subscrición do presente convenio non implicará relación laboral, contractual ou de calquera outro tipo entre os profesionais que realicen as actividades obxecto deste convenio e a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia.

### **Décimo oitava.- Interpretación**

O presente convenio ten natureza administrativa, e como tal excluído do ámbito de aplicación da Lei de contratos do sector público, se ben se observarán os seus principios para a resolución das dúbidas e lagoas que se puidesen presentar.

Rexerase polas súas propias cláusulas e supletoriamente, polas normas xerais do dereito administrativo.

A Amtega ostenta a prerrogativa de interpretar, e resolver tódalas dúbidas que xurdan na súa execución, de acordo co réxime xurídico legalmente aplicable.

### **Décimo novena.- Dereitos de explotación e propiedade intelectual**

A documentación e o material elaborado dentro do marco deste convenio deberá poñerse a disposición da sociedade en xeral, así como proceder á entrega de copia do material á Amtega, con licenzas de documentación libres aprobadas pola Free Software Foundation ou a Open Source Initiative, preferentemente coa licenza Creative Commons Recoñecemento – Compartir Igual (CC-BY-SA).

A Asociación de Enxeñeiros de Telecomunicación de Galicia debe garantir que obtivo, no caso de ser necesario, permiso dos titulares dos dereitos de propiedade intelectual ou do seu represen-



tante legal, para utilizar fragmentos de textos, ilustracións, mapas, sons, vídeos, gráficos ou outros elementos incluídos na obra ou obras entregadas.

A Asociación de Enxeñeiros de Telecomunicación de Galicia deberá facer dispoñible, no caso de que a obra final sexa obtida mediante compilación ou procesamento dun ficheiro fonte ou varios, todos os ficheiros necesarios para xerar a obra, baixo as mesmas condicións que a propia obra.

A obra debe empregar formatos e estándares abertos e non deben existir restricións técnicas ou outro tipo de restricións ou limitacións que limiten as liberdades de uso, estudo, copia, cambios, realización de melloras, distribución total ou parcial da obra e das súas modificacións.

De ser o caso, o código fonte das aplicacións desenvolvidas no ámbito deste convenio deberán poñerse a disposición da Amtega cunha licenza compatible coa definición de Software Libre ou de Fontes Abertas segundo o Real Decreto 4/2010, do 8 de xaneiro polo que se regula o Esquema Nacional de Interoperabilidade no ámbito da Administración Electrónica, asegurando que os programas, datos ou información que se comparten:

- a) Poden executarse para calquera propósito.
- b) Permiten coñecer o seu código fonte.
- c) Poden modificarse ou mellorarse.
- d) Poden redistribuírse a outros usuarios con ou sen cambios sempre que a obra derivada manteña estas mesmas catro garantías.

A Asociación de Enxeñeiros de Telecomunicación de Galicia resérvase o dereito de publicar os resultados, parciais ou finais, obtidos durante a execución do convenio facendo constar o financiamento da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia.

Calquera que sexa o medio de difusión, ámbalas partes comprométense a facer mención expresa do presente convenio.





### Undécima.- Normativa aplicable

O presente convenio de colaboración rexerese especialmente por:

- A Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e o Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o seu regulamento.
- Decreto 252/2011, do 15 de decembro, polo que se crea a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia e se aproban os seus estatutos.
- Decreto 9/2021, do 21 de xaneiro, polo que se suprime o Centro Informático para a Xestión Tributaria, Económico-Financiera e Contable (Cixtec) e se modifica o Decreto 252/2011, do 15 de decembro, polo que se crea a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia e se aproban os seus estatutos.
- Acordo adoptado polo Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do día 27 de marzo de 1991 e feito público mediante Resolución da Consellería de Economía e Facenda de data 8 de abril de 1991, sobre convenios de cooperación con outros entes públicos e de colaboración con particulares.
- A Lei 1/2016, de transparencia e bo goberno
- Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia.
- A achega económica outórgase ao amparo do disposto no Regulamento (CE) 1407/2013 da Comisión, do 18 de decembro de 2013, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de funcionamento da Unión Europea ás axudas *de mínimos* (DOUE 24/12/2013, L352/1).

E, en proba de conformidade, asínase o presente convenio no lugar indicado no encabezamento

O director da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia

Julián Cerviño Iglesia

O presidente da Asociación de Enxeñeiros de Telecomunicación de Galicia

Julio José Sánchez Agrelo



## ANEXO I

### INDICADORES A CONSIDERAR PARA O CUMPRIMENTO DOS OS OBXECTIVOS DO CONVENIO:

- N° total de núcleos de poboación/entidades nas que se analiza a calidade do servizo das redes de acceso de banda larga
- N° total de accións formativas sobre tendencias tecnolóxicas
- N° total de asistentes ás accións formativas sobre tendencias tecnolóxicas
- N° total de axentes implicados no ámbito regulatorio das telecomunicacións e das tecnoloxías de banda larga da próxima xeración asesoradas.
- N° total de asistentes nas actividades de difusión no fomento da sociedade da información

OUTROS INDICADORES A CONSIDERAR A EFECTOS ESTATÍSTICOS NO RELATIVO A "Estratexia galega sobre discapacidade 2015-2020", "Plan Galego para a igualdade entre mulleres e homes", "Plan Galego de Persoas Maiores":

- N° de asistentes por rango de idade e por sexo ás xornadas, obradoiros e seminarios.
- N° de persoas asistentes, por sexo, con discapacidade ás que se facilitase a accesibilidade ás xornadas, obradoiros e seminarios.
- N° e tipo de medidas adoptadas para mellorar a accesibilidade de persoas con discapacidade ás xornadas, obradoiros e seminarios



